



En Santiago de Compostela,de xuño de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e,

doutra parte, as organizacións sindicais asinantes ao final do presente documento,

CONSIDERANDO que na cláusula oitava do Acordo do 16 de maio de 2006 se establecía que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria analizaría anualmente as retribucións dos funcionarios docentes que imparten ensinanzas distintas das universitarias en todo o Estado e, se resultase unha modificación apreciable da posición relativa acadada co presente acordo nas retribucións dos funcionarios docentes da nosa comunidade no conxunto do Estado, abriría un novo proceso de negociación das súas retribucións.



CONSIDERANDO que desde que se asinou o acordo do 16 de maio de 2006 se produciron Acordos específicos de incrementos retributivos aos funcionarios docentes noutras comunidades autónomas que provocaron que as retribucións do profesorado da nosa comunidade autónoma que imparte as ensinanzas reguladas na lei orgánica de educación modifícasen a posición relativa no conxunto do Estado.

CONSIDERANDO que todas as organizacións sindicais con presenza na mesa sectorial docente non universitaria viñan demandando a urxente apertura das negociacións das retribucións.

CONSIDERANDO que con este incremento retributivo o profesorado galego recupera a posición relativa que no conxunto do Estado conseguira o Acordo do 16 de maio de 2006.

Por todas estas razóns, as partes asinantes acadan o SEGUINTE ACORDO SOBRE AS RETRIBUCIÓN DO PERSOAL DOCENTE DEPENDENTE DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA QUE IMPARTE AS ENSINANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA DE EDUCACIÓN E DO QUE EXERCE A FUNCIÓN INSPECTORA.



Primeiro. A compoñente xeral do complemento específico do persoal docente dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica de educación e do que exerce a función inspectora, experimentará os seguintes incrementos:

DATA DE EFECTIVIDADE	INCREMENTO MENSUAL	INCREMENTO ANUAL
01.10.2018	10 €	140 €
01.01.2019	15 €	210 €
01.01.2020	25 €	350 €
01.01.2021	30 €	420 €
TOTAL	80 €	1.120 €

Segundo. De conformidade coa normativa vixente este acordo será tamén de aplicación ao profesorado de relixión.

Terceiro. De acordo co artigo 35 da Lei 9/1987, do 17 de xuño, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais asinantes do presente acordo constituirán unha comisión de seguimento e aplicación deste. Esta comisión reunirase sempre que o solicite a consellería ou a parte sindical.

Cuarto. A Comisión de seguimento a que se fai referencia no apartado anterior analizará anualmente as retribucións dos funcionarios docentes que imparten ensinanzas distintas



das universitarias en todo o Estado e, se resultase unha modificación apreciable da posición relativa acadada co presente acordo nas retribucións dos funcionarios docentes da nosa Comunidade no conxunto do Estado, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria abrirá un novo proceso de negociación das súas retribucións.

Quinto. As medidas de carácter retributivo que se prevén no presente Acordo están supeditadas á entrada en vigor das normas presupostarias que habiliten á súa efectividade.

Durante o período de vixencia do II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e condicións de traballo, publicado pola Resolución da Secretaría de Estado de Función Pública do 22 de marzo de 2018, os importes económicos destinados a atender ditas medidas acreditaranse con cargo e baixo a consideración de fondos adicionais dos previstos no seu apartado primeiro.